

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN INGADA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS NO ANO 2022

No lugar e data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Dona María Elvira Ferrer Vázquez, co NIF 32652264S, vicepresidenta da Fundación Ingada (NIF G70394374), que actúa no seu nome e representación de acordo coa escritura de apoderamento do 16 de xuño de 2021 co número de protocolo 423.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do



Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se a súa estrutura orgánica é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

CUARTO. Que a Fundación Ingada, entidade de natureza fundacional, clasificada de interese sanitario en virtude da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 1 de outubro de 2014, declarada e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2014/9 pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade do 11 de novembro de 2014, é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, recoñecida e inscrita así mesmo no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E- 6204. A entidade ten entre as súas funcións o asesoramento e apoio ás familias con membros con trastornos por déficit de atención e hiperactividades, en adiante TDAH, e trastornos asociados para que poidan desenvolver adecuadamente as súas labores educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social.

QUINTO. O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e as persoas adolescentes e o artigo 6, da mesma norma, establece a obriga de



prestar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, así como de protexer aos membros mais vulnerables da mesma.

Que a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, esta interesada en apoiar esta actuación de asesoramento ás familias mediante a concesión dunha subvención pública a través da sinatura dun convenio de colaboración.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

Aos efectos da concesión dunha subvención pública cúmprense os seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Fundación INGADA e financiar a través da concesión dunha subvención pública o programa de asesoramento ás familias de membros con TDAH e trastornos asociados desenvolvido pola entidade e que ten como finalidade que estas poidan desenvolver adecuadamente as súas funcións educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social para o que se artellarán programas de carácter preventivo que contribúan á modificación de condutas non desexadas e á adquisición de pautas saudables para a dinámica familiar.



SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES DO PROGRAMA

A Fundación Indaga realizará as seguintes actuacións que forman parte do programa a subvencionar:

- a) Orientar e asesorar a pais/nais dos/as nenos/as sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais ou momentos críticos nos que se atopen os seus fillos/as.
- b) Elaborar pautas de actuación e programas de apoio ás familias.
- c) Asesorar ás familias na derivación a outros recursos naqueles casos que nos que as persoas menores presentan trastornos, pero sen TDAH asociado ou requiren un tratamento farmacolóxico así como así como aqueles que, dada a súa situación persoal ou social, requiren a intervención doutros organismos ou entidades que dean resposta ás súas necesidades.

TERCEIRA. ORZAMENTO

O programa a subvencionar a través deste convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento destinado a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude para o ano 2022:

| Aplicación orzamentaria | 2022 |
|-------------------------|-------------|
| 13.02.312B.481.0 | 60.000,00 € |

CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Para poder ser entidade beneficiaria da axuda, a Fundación Indaga deberá cumprir **os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia en concordancia co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que de seguido se relacionan:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme ao Real Decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións, segundo o establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A Fundación Indaga debe cumprir coas **obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007**, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:



- a) Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderá ser comprobado pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- e) Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa **obriga de subministración de información** nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que esta non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.



SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza das actividades que formen parte do proxecto subvencionado a través deste convenio descritas na Cláusula segunda de acordo coa desagregación que figura seguinte cadro:

| | |
|---|----------------|
| Gastos de persoal | 32.000€ |
| Outros gastos | |
| Honorarios de profesionais independentes | 7.500€ |
| Administración | 2.400 € |
| Alugueres e subministros | 6.100€ |
| Limpeza | 1.200 € |
| Material: funxible (oficina, papelería), didáctico/psicopedagóxico, deportivo, de divulgación e de protección COVID | 1.400 € |
| Desprazamento (kilometraxe, buses, tren, voos), aloxamentos e dietas por actividades formativas | 2.000€ |
| Inscricións asistencia a congresos, cursos e xornadas de formación para profesionais da entidade | 4.500 € |
| Teléfono/ internet | 400 € |
| Pólizas/seguros | 500 € |
| Licenzas, mantemento historia clínica, software, protección de datos, plataformas tecnolóxicas para teleasistencia | 2.000 € |
| Total | 60.000€ |

Permitiranse modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio.

2. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

3. A concesión da subvención comprenderá os gastos das actuacións a subvencionar dende **o 1 de xaneiro do ano 2022 ao 15 de decembro do ano 2022**.

4. A **data límite de xustificación** será o **15 de decembro do ano 2022**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais de 2022 liquidables con posterioridade á data de xustificación, sen exceder do ano 2022, estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.



5. Considerarase **gasto realizado** o que foi efectivamente **pagado** con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

7. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) **Ata o 80% do total da subvención concedida** poderase facer efectivo **mediante pagamentos parciais** á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O **20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.**

2. Para a xustificación dos pagamentos deberán presentar :

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao programa , na que conste:

- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa que se subvenciona a través deste convenio, que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.
- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento, mediante a achega de



xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC, TC1)).

- Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, o proveedor, o importe co IVE detallado, a data de emisión e a data de pagamento.

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o número 2, unha memoria das actuacións a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como os medios e recursos nos que se realizaron as actividades a subvencionar.

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

5. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral competente en materia de Familia poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da dita entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:



a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia.

c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. A entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo; polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións .

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e



aplicación deste convenio, que estará sometido ao réxime xurídico establecido no convenio e no seu defecto na dita Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica que exercerá a presidencia da comisión. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, será substituída pola persoa titular da Subdirección Xeral competente en materia de familia, de acordo co establecido no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude

- A persoa que exerza a vicepresidencia da Fundación Indaga, ou unha persoa da entidade que a substitúa.

3. A persoa que exerza a secretaría e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle a quen designe a persoa titular da presidencia da comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Esta persoa contará con voz pero sen voto.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

A selección do persoal específico que a entidade beneficiaria dedicará á execución do proxecto corresponderá a esta.

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e a Consellería de Política Social e Xuventude, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.



DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

O tratamento dos datos no marco deste procedemento baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e que derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral sobre a protección de datos).

DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:



- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
 - b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
 - c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
 - d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.

Este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO CUARTA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio, serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou se o acto non o fora, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto ou directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso



administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vida administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022. Non obstante, abranguerá os gastos das accións obxecto do programa a subvencionar a través do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2022.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital

A Conselleira de Política Social e
Xuventude

A vicepresidenta da Fundación INGADA

Fabiola García Martínez

Elvira Ferrer Vázquez

